

Taller de Estimulación da Linguaxe

ANANAS NA
BRANCA

CEIP Virxe da Barca



@pilimestraal




Imaxes sacadas de www.freepik.es

Bocas de www.merakilogopedia.blogspot.com

Esta semana imos traballar a **fonética-fonoloxía**.

O termo **desenvolvemento fonolóxico** fai referencia á forma na que as crianzas adquiren os fonemas (sons) propios da súa lingua. Dende que nacen, os e as peques producen fonemas progresivamente ata que, aos 6-7 anos, os dominan por completo.

É moi importante traballar os **sons da lingua** xa que estes correspóndense coas **representacións escritas**, polo que a súa automatización é unha das dificultades coa que se atopan os/as nenos/as cando empezan a **ler** e, en boa medida, **este aprendizaxe dependerá do afianzamento dos sons coas súas representacións escritas**.

Durante os 2 primeiros trimestres, no Taller de Estimulación da Linguaxe en clase, traballamos coa posición das "boquiñas" á hora de emitir un son. Como traballar así, a distancia non é algo doado, intentarei que estas actividades sexan o máis fáciles posible. É moi importante que á hora de traballar non se lles ensine a letra á cal corresponde, senón axudarlles a facer o son. Eles/as xa saben! 

As actividades propostas, van explicadas co que hai que facer, pero se nalgún momento non se entende algo ou hai dúbidas, podedes enviarme un correo electrónico a pilarrima@gmail.com

Esta semana, as actividades poden facelas todos os cursos. Non as fagades todas do tirón senón distribuídeas pola semana. O ideal sería facer uns 30-35 minutos ao día, repasando as actividades das semanas anteriores.

Fonética-Fonología

4º, 5º e 6º Educación

Infantil

Semana 3. Fonética-Fonoloxía.

Obxectivos:

1. Mellorar correctamente os distintos fonemas e as súas combinacións durante a expresión oral.

Contidos:

- Articulación de fonemas e as súas combinacións na expresión oral..

Actividades →





Actividade 1.




Clasifica cada imaxe onde corresponda.



Fíxate ben! Hai 2 pallotes e cada un ten unha boquiña. Tes que dicir ou colocar cada imaxe no pallote que lle corresponda atendendo ao seu **primeiro** son.

Gaña UN PUNTO quen acerte e pérdoo o que non o faga.

ADIANTE!









Actividade 2.
O xogo do Lince

Con este xogo podedes traballar de varias formas: atopando imaxes que empecen por un determinado son (dito ao azar), utilizando o coñecido "vexo-vexo", adiviñas, etc...

Gaña UN PUNTO quen acerte e pèrdeo o que non o faga.
ADIANTE!



Actividade 3.



Dobble.




Se podesdes imprimir, hai que coller dúas tarxetas ao azar e poñelas boca arriba nunha mesa para atopar o símbolo que hai idéntico entre as 2 tarxetas. Se non podesdes imprimir, o facedes a través da pantalla do ordenador, tablet ou móbil utilizando os pares de tarxetas que hai en cada páxina.


Gaña UN PUNTO quen acerte e pèrdeo o que non o faga.





ADIANTE!



















Actividade 4.


Xogamos a detectives.



A continuación, aparecen unhas series e, en cada unha, todas as imaxes comezan polo mesmo son...menos unha! Sabes cal é?

Gaña UN PUNTO quen acerte e pèrdeo o que non o faga.

ADIANTE!









Actividade 5.

Xogamos a imitar.

A continuación, tedes unhas tarxetas con distintas onomatopeas. Imos a reproducilas! Podemos xogar a adiviñar a quen corresponde o son ou ensinar a tarxeta e facelo. Todo o que se vos ocorra!


Gaña UN PUNTO quen acerte e pèrdeo o que non o faga.

ADIANTE!





Quiquiriquí




Zzzzzzzzzzz


Beeee beeee




Cua cua



Hiiiiiiiiii



Pío




Cloc cloc




Miau



Guau guau




Ih ih ih ih







Hi hi hi hi



Oinc oinc



Tocotocoto...
Brrrumm



Hii hoo hii
hoo